

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 17 de novembro de 2021.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de novembro de 2021**, ás 18.00 horas, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2021/57X/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente ao día 20 de outubro de 2021.

2. 2021/15344S PRESIDENCIA

Aceptación da delegación de competencia formulada polo Concello de San Cibrao das Viñas, para a tramitación do expediente expropiatorio para execución do Plan especial de infraestruturas e dotacións do polígono P-6.1 da AR-6, no núcleo de Reboredo, no termo municipal de San Cibrao das Viñas

3. 2021/15287G PRESIDENCIA

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2022.

4. 2021/15363B PRESIDENCIA

Bases reguladoras do Programa especial de cooperación ás obras promovidas polo Concello de Ourense (2021-2022).

5. 2021/15119C PRESIDENCIA

Aprobación inicial do Programa de Asistencia a Entidades Locais para a xestión de

servizos municipais do ciclo da auga para o exercicio 2022.

6. 2021/15163H NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre o impulso dunha nova liña ferroviaria entre as provincias de Ourense e Pontevedra.

7. MOCIÓN DE URXENCIA.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.